



Retribucións 2024

www.cig-ensino.gal

Táboas actualizadas a xullo de 2024

Pendente a suba do 0,5%

RETRIBUCIÓN BÁSICAS

Concepto	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PSSFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€1.147,35	€1.147,35	€1.326,90	€1.326,90
Complemento de destino	€566,36	€697,43	€697,43	€835,38
Complemento específico	€745,39	€745,39	€745,39	€805,19
Titoría e outras funcións docentes	€57,41	€57,41	€57,41	€57,41
Total	€2.516,51	€2.647,58	€2.827,13	€3.024,88
Trienios	€41,65	€41,65	€51,07	€51,07

IPC Galego: Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora

Cargos

Tipoloxía de centro	A	B	C	D
Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial				
Dirección	€642,51	€583,50	€427,82	€321,53
X. de Estudos e Secretaría	€236,61	€223,53	€217,00	€164,75
X. Dep. de Orientación, Coordinación ENDL, CRA				€79,39
Responsábel de centros de menos de 3 unidades				€99,39
Centros de Educación Secundaria, FP e Réxime Especial				
Dirección	€779,57	€674,66	€612,26	€556,17
O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo: 4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%				
Vicedirección, X. Estudos e Secretaría	€354,15	€347,68	€256,19	€223,53
X. de Departamento, Coordinacións, EPAPU e ENDL				€79,39
Complemento para Mestres/as no 1º Ciclo da ESO				€131,08
Complemento PTFP a extinguir				€151,37

Outros postos de traballo

Membro dun Equipo de Orientación Específico	€354,15
CAFI-CEFORES. Dirección	€674,26
CAFI-CEFORES. Asesoría	€354,15

Sexenios

1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
€77,94	€100,20	€133,62	€189,24	€55,65

Pagas Extraordinarias

A paga extra componse do **salario base recortado** (Grupo A2: 836,78€ e grupo A1: 818,82 €), os **trienios recortados** (Grupo A2: 30,37€ e grupo A1 : 31,53€) e o **resto dos conceptos retributivos completos** (destino, específico, titoría, cargos)..


Descontos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2	
Pasivos*	€118,04	€92,90	Funcionariado de carreira
Muface*	€51,68	€40,68	Funcionariado de carreira
Cota obreira	Segundo base de cotización (persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011)		
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal		

*Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e MUFACE é dupla

Os efectos do acordo retributivo estatal: un pacto á baixa que nos fai perder diñeiro

COMPARATIVA DOS EFECTOS DO PACTO SALARIAL 2022-24 DE CCOO E UGT CO GOBERNO ESTATAL NOS DOUS PRIMEIROS ANOS DA SÚA VIXENCIA: SEGUIMOS PERDENDO CARTOS !



O resultado de non aceptar a **cláusula de revisión salarial proposta pola CIG** na negociación que tivo lugar no ano 2022 está xa perfectamente claro: **en dous anos perdemos o 1,8% de poder adquisitivo nas nosas nóminas** e todas as previsións de cara ao 2024 apuntan a que pecharemos o ciclo deste novo acordo trianual coa administración como única beneficiaria do pactado ao subiren os nosos salarios por debaixo da carestía da vida.

Goberno e sindicatos negáronse a aceptar a proposta da CIG de subir un 5% cada ano cunha cláusula de revisión salarial para non perder poder adquisitivo

O baile nas nosas desde o responde ao que o Ministerio de Facenda co único apoio de CCOO e UGT: **un acordo a tres anos que non se vinculaba directamente co IPC**. Sabían o que asinaban: **a sinatura do acordo produciuse no momento no que o IPC estaba totalmente disparado** (chegaba naquel mes ao 9% interanual) e cando xa se coñecía que a suba das pensións sería igual ao IPC interanual medio. Pactaron á baixa. Tamén sabían que había unha alternativa enriba da mesa: **a proposta da CIG foi subir un 5% cada ano cunha cláusula de revisión salarial ao final de cada ano**, garantindo deste xeito que non perdésemos poder de compra ao logo da vixencia do acordo.

✓ **En 2022** o resultado foi un desastre para os nosos petos: **o IPC interanual subiu un 5,7% e os nosos salarios quedaron nun 3,5%** (sumando as progresivas subas que se ían producindo a contagotas).

✓ **En 2023**, co IPC oficial no 3,1% e cos datos oficiais do PIB, a **suba salarial queda no 3,5%** (do que na nómina de febreiro cobramos o 0,5% que faltaba de todo o ano 2023). O resultado? **Perdemos un 1,8% entre o que realmente cobramos e a evolución dos prezos en tan só dous anos.**


✓ **No 2024** falta que sexa efectivo o último “prazo” do acordo: **un 2%** que terá que agardar a que o Goberno aprobe os orzamentos ou ben adiante o pago mediante un Real Decreto. No mellor dos casos (en función da evolución do PIB e non do IPC) poderíamos chegar - con pago efectivo a comezos do 2025- a engadir outro 0,5%, quedando como máximo no **2,5%**.

✓ **BALANCE DE TRES ANOS.** Para que o resultado final do pacto salarial iguale prezos e salarios, **o IPC tería que rematar o 2024 no 0,7%**, algo totalmente imposíbel tendo en conta a evolución dos prezos e da economía. Sen ir máis lonxe, **o IPC interanual de febreiro de 2024 foi do 2,8%**. Todo o que a final de 2024 supere a porcentaxe de 0,7% será o que as empregadas e empregados públicos perderemos de poder adquisitivo polo acordo estatal a tres anos: unha vergoña que sexa como resultado dun acordo sindical.

✓ **As pensións, un 5,3% por riba dos salarios.** Os sindicatos e o goberno español que afirmaron que asinaron o mellor acordo posíbel e criticaban a CIG por facer propostas fóra da realidade poden explicarnos agora como é posíbel que o que non lles valía para os nosos salarios si é bo para as pensións? A suba en dous anos das pensións chega ao **12,3%** (8,5% no 2022 e 3,8% no 2023) ao se vincular ao IPC interanual medio que foi superior ao IPC interanual usado para as cláusulas de revisión salarial naqueles convenios colectivos ou acordos que o garanten. Fronte a esa suba hai un desfase nas nosas nóminas do 5,3%.

“É o poder adquisitivo, estúpido!”

Evolución IPC-Salarios 2010-24



Acomodando a famosa frase “É a economía, estúpido”, de tanto éxito a nivel político, é importante que quen traballamos no sector público e sufrimos durante todas as crises os primeiros efectos nos recortes salariais, teñamos presente que a dignificación do noso traballo ten unha compoñente irrenunciábel: **unhas retribucións dignas nas que, baixo ningún concepto, se acepte que perdamos poder adquisitivo e asumamos os recortes como un sacrificio necesario e complementario a ter un emprego público.** Por iso non podemos esquecer de onde vimos para chegarmos onde hoxe estamos. **Perdemos poder**

adquisitivo desde hai 14 anos e foron gobernos tanto do PSOE como do PP quen **impuxeron** unilateralmente ou con vergoñentos acordos sindicais unha doutrina: **a contención salarial dos e das empregadas públicas.** Isto non fixo máis que provocar unha **depreciación dos nosos salarios e que o noso poder adquisitivo se reduce nun 18,77% desde 2010.** Un exemplo fai entendela todo mellor: unha nómina de 1800€ no ano 2010, coa evolución dos salarios nestes anos, é hoxe de 2006€ cando debería ser de 2344€ (338€ máis) para igualar salarios e IPC, e isto sen ter en conta a devolución dos atrasos das extras recortadas

As nosas extras, recortadas polos diferentes gobernos estatais e galego

Máis alá do desfase das nosas nóminas coa evolución do poder de compra, tamén debemos ter presente que as empregadas e empregados públicos galegos somos **os únicos de todo o Estado aos que non se nos devolveron os cartos recortados nas pagas extras entre 2012 e 2016.** A Xunta negouse durante todos estes anos a negociar un plan de recuperación dese diñeiro arrebatado que, como media, supuxo **unha perda de máis de 6300€ para o persoal docente.**

E así como a Xunta non devolve o que nos quitou, **os diferentes gobernos centrais (PSOE, PP, PSOE en**

coalición) **tampouco o fixeron co que recortaron nas pagas extras de 2010** e, a maiores, mantéñensenos recortadas, aínda hoxe, as cantidades que nos corresponden. Na táboa exemplifícanse estes recortes por colectivos.

RECORTE ANUAL NAS EXTRAS			
DOCENTES	1 TRIENIO	3 TRIENIOS	10 TRIENIOS
SUBGRUPO A1	€ 1.034,56	€ 1.111,20	€ 1.379,44
SUBGRUPO A2	€ 625,18	€ 669,42	€ 824,26

Canto perdemos ao mes polo acordo estatal entre 2022 e 2023?

A efectos prácticos, o resultado para o profesorado pode apreciarse no que teríamos que cobrar a maiores por mes se no resultado final dos anos 2022 e 2023 os nosos salarios tivesen subido tanto como o IPC. No cadro que se achega podemos ver tres datos: canto deberíamos cobrar agora mesmo para igualar o que levamos perdido (1,8% dos nosos salarios), en canto quedarían as nosas retribucións

Como serían os efectos da cláusula de revisión salarial nas nóminas de 2024?				
	corpo de mestras	corpo PESSFP	corpos de secundaria	corpos de cátedras
pago único da cláusula de revisión do 2022-2023 (1,8%)	€ 568,95	€ 599,18	€ 634,08	€ 679,69
como quedarían as retribucións básicas no 2024 igualadas co IPC de 2022 e 2023 (5,7%+3,1%)?	€ 2.504,66	€ 2.635,38	€ 2.814,46	€ 3.011,70
diferenza nas retribucións básicas no 2024 coa suba pactada	€ 37,50	€ 39,72	€ 42,77	€ 46,13

básicas brutas por corpo (sen ter en conta trienios, sexenios ou cargos) e que diferenza hai entre o que deberíamos cobrar e o que realmente cobramos. En resumo, un mestre sen trienios nin cargos debería cobrar 37,50€ máis ao mes e uns atrasos de 568,95€ e unha catedrática de secundaria tería un incremento de 46,13€ mensuais e uns atrasos de 679,69€.

O acordo “de melloras”, un acordo segregador

No ano 2024 rómpese unha tendencia de máis trinta anos no que ten a ver cos incrementos salariais para docentes. Co acordo asinado en outubro pola minoría sindical con Rueda **deixa de aplicarse o carácter universal e lineal dunha suba**, como vén sendo habitual desde 1990.

A CIG-Ensino foi partidaria de dividir a masa salarial ofrecida pola Consellaría entre todo o profesorado, garantindo equidade e unha suba minimamente aceptábel fronte á miseria que implica subirlle 5€ a todo o profesorado.

Desde este mes de xaneiro así quedan os incrementos retributivos pactados neste Acordo:

- 1.- Incremento nun 10% do complemento de titoría mensual (**sobre 5€**). Única medida para todo o persoal.
- 2.- Incremento de **20 euros/mes para diferentes cargos**: equipos directivos, persoal da inspección, dirección do CAFI, CEFOR, CIEDIX, CGIFP, asesorías, membros de EOE, responsábeis de centros de menos de 3 unidades...
- 3.- Suba do **10% no complemento de sexenios** ao mes, que beneficia a quen ten máis antigüidade.

O profesorado substituto, penalizado un ano máis e xa van trece!

Por **trixésimo ano consecutivo o profesorado substituto que traballe máis de cinco meses e medio durante o curso académico seguirá sen ter dereito a cobrar os meses de verán** como expresamente se recolle no “acordo” subscrito por outras organizacións sindicais e a Consellaría de Educación. Ese cobro dos meses de verán foi un logro da loita do colectivo de persoal interino na folga convocada no ano 2007 ao que nestes anos renunciaron de facto as propias organizacións que deron respaldo a aquel acordo. A CIG-Ensino non o asinou porque, tal e como denunciou o propio colectivo de persoal interino en folga, non se cumpriu o outro obxectivo fundamental que nos levou ás mobilizacións: a incorporación dunha cláusula de estabilidade para, como mínimo, o persoal de maior idade ou maior antigüidade.

Lamentamos que nestes trece anos se fosen incorporando diferentes addendas ao acordo que regula as condicións de traballo do persoal interino sen que as organizacións asinantes fixesen nada ao respecto. Neste ano 2024 a Lei de Orzamentos da Xunta volve incorporar a negativa a ese pago, nun claro incumprimento dos motivos que o propio goberno galego fixou para perpetrar aquel recorte.